

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. -Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Específico Parte teórica" entre os números E1 e E55 e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "Específico Parte práctica" entre os números E56 e E110 da "FOLLA DE RESPOSTAS"
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advirtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.
Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Que infección vírica é a máis común nos pacientes que están a recibir quimioterapia?

- A) A candidiase oral.
- B) O herpes simple.
- C) A xerostomía.
- D) As úlceras por decúbito.

2. O ácido palmítico é un ácido graxo:

- A) Poliinsaturado.
- B) Saturado.
- C) Parcialmente insaturado.
- D) Ningunha é correcta.

3. O paso do fármaco desde o lugar onde se administra ata o torrente sanguíneo chámase:

- A) Distribución.
- B) Liberación.
- C) Biotransformación.
- D) Absorción.

4. Que significa en xeriatría o termo de "anción fráxil"?

- A) Fai referencia a unha situación de alto risco ao deterioro.
- B) O termo fráxil non é suficientemente descritivo.
- C) Fai referencia a unha situación de baixo risco de deterioro.
- D) As respostas a e b son correctas.

5. Denomínase eupnea:

- A) Dificultade respiratoria.
- B) Respiración normal.
- C) Cesamento da respiración.
- D) Incapacidade para respirar en posición horizontal.

6. Que é a habilidade?

- A) É poñerse no lugar da outra persoa.
- B) Saber escoitar atentamente.
- C) Un estado de alegría.
- D) A capacidade e disposición de facer algo.

7. A asistencia nos cuidados paliativos realízase segundo uns principios básicos de bioética, que son:

- A) Autonomía, hixiene e actividade física.
- B) Repouso e sono.
- C) Coidados espirituais, relaxación e benestar.
- D) Xustiza, beneficencia, autonomía e non maleficencia.

8. Establécense como algunhas das calidades dun bo desinfectante. Sinale a CORRECTA:

- A) Que cubra un amplo espectro con capacidade para destruír toda a gama de microorganismos.
- B) Que sexa estable, de tal xeito que a súa acción non poida ser modificada polas características do medio no que actúa.
- C) Que sexa biodegradable para evitar a contaminación residual.
- D) Todas son correctas.

9. Segundo o Dr. A. Donabedian establécese un marco conceptual para o estudo da calidade asistencial:

- A) Analizando o proceso.
- B) Analizando a eficacia.
- C) Analizando o proceso e a eficacia.
- D) Analizando a estrutura, o proceso e os resultados.

10. En que grao da enfermidade de Alzhéimer o enfermo pode aínda bañarse e vestirse só, coa vixilancia do familiar cuidador?

- A) Primeiro grao.
- B) Segundo grao.
- C) Terceiro grao.
- D) Cuarto grao.

11. En qué período funciona a prevención primaria da enfermidade?

- A) Na fase subclínica do período patogénico
- B) Na fase clínica do período patogénico
- C) No período pre-patogénico
- D) Ningunha é correcta

12. O pictograma de forma cadrada con fondo laranxa e bordos negros, que no seu interior ten debuxado dous tubos que verten contido sobre unha man e un bloque. Sinale a CORRECTA.

- A) É o panel de perigosidade que advirte que a sustancia ou preparado pode derramarse e contaminar de sucidade.
- B) É o panel de perigosidade que advirte que a sustancia ou preparado pode inflamarse en contacto coas mans ou bloques.
- C) É o panel de perigosidade que indica que é obrigatorio lavarse as mans.
- D) É o panel de perigosidade que indica que a sustancia ou preparado en contacto cos tecidos vivos pode dar lugar á destrución das súas células.

13. Entre as escalas de valoración de risco de desenvolver unha úlcera por presión NON se atopa:

- A) Escala de Arnell.
- B) Escala de Barthel.
- C) Escala de Norton.
- D) Escala de Braden.

14. A que fai referencia a denominada "hora de ouro" ao falar dos politraumatizados?

- A) Á hora que estatisticamente ocorren a maioría dos accidentes.
- B) Ao terceiro pico na distribución por causas de morte no politraumatizado.
- C) Á idade en que estatisticamente ocorren a maioría dos accidentes.
- D) Ao segundo pico na distribución por causas de morte no politraumatizado, no que ocorren o 60% dos falecidos.

15. Cales son as cinco comprobacións que debemos realizar á hora de preparar un medicamento?

- A) Fármaco, dose, vía, hora e paciente.
- B) Vía, dose, fármaco, paciente e médico/a.
- C) Fármaco, dose, hora, vía e enfermeiro/a.
- D) Ningunha é correcta.

16. Dende o punto de vista funcional, os alimentos agrúpanse en:

- A) Hidratos de carbono, lípidos, proteínas, vitaminas e minerais.
- B) Enerxéticos, plásticos e reguladores.
- C) Minerais e vitaminas.
- D) Proteínas e calcio.

17. Considérase febre moi alta:

- A) Temperatura de 40´6°C a 41°C.
- B) Temperatura de 38´1°C a 38´5°C.
- C) Temperatura de 38´6°C a 39°C.
- D) Temperatura maior de 41°C.

18. Segundo o Decreto de Residuos Sanitarios de Galicia, a clasificación dos residuos xerados na actividade sanitaria é:

- A) Residuos sanitarios perigosos e residuos sanitarios non perigosos.
- B) Residuos inflamables, residuos para a reciclaxe e residuos alimenticios.
- C) Residuos sanitarios para a reciclaxe e residuos sanitarios alimenticios.
- D) Residuos sanitarios para a reciclaxe e residuos sanitarios para destrución.

19. A masaxe cardíaca externa en lactantes realízase deprimindo o esterno para que se afunda aproximadamente:

- A) 5 cm.
- B) 3 cm.
- C) Nos lactantes non se realiza a masaxe cardíaca.
- D) 4 cm.

20. O tempo máximo aproximado que debe permanecer posta unha sonda rectal, é de:

- A) 60 minutos.
- B) 30 minutos.
- C) 2 horas.
- D) Ata que o paciente sinta alivio.

21. Unha cistografía retrógrada é o nome que recibe unha radiografía por contraste de:

- A) Os bronquios.
- B) Os uréteres.
- C) O ril.
- D) A vexiga.

22. Para realizar o procedemento de colocar ao paciente en decúbito lateral é imprescindible:

- A) Frear a cama.
- B) Realizar unha abducción dos dedos das mans.
- C) Realizar unha adución dos dedos das mans.
- D) Realizar unha abducción e unha adución dos dedos das mans.

23. Para realizar a cama cirúrxica e preparala para a recepción dun paciente, cal destas expresións é **INCORRECTA**?

- A) A saba de arriba, a manta e a colcha colocaranse sen someter a roupa nos pés nin nos laterais da cama.
- B) Colocar o almofadón sobre a cama, coa funda e o almofadón cambiados.
- C) Pódese preparar a roupa para cubrir ao paciente en forma de "abanico" ou ben en forma de "triángulo ou pico".
- D) A roupa superior da cama pode deixarse dobrada sobre unha beira ou sobre os pés da cama.

24. A síndrome que se caracteriza porque o afectado cree que morreu, que os seus órganos ou intestinos non funcionan, ou que o seu corazón non late, denomínase:

- A) Síndrome de Münchhausen.
- B) Síndrome de Pica
- C) Síndrome de Cotard.
- D) Síndrome de Schultz.

25. Nun ordenador, cal dos seguintes **NON** é un periférico?

- A) Rato.
- B) Teclado.
- C) Memoria RAM.
- D) Todas son correctas.

26. O principio que consiste en buscar o ben do enfermo, denomínase:

- A) Principio de non-maleficiencia.
- B) Principio de xustiza.
- C) Principio de beneficiencia.
- D) Principio de autonomía.

27. Un paciente está a recibir alimentación enteral:

- A) Aliméntase por unha sonda nasogástrica introducida no estómago.
- B) Aliméntase por sí so.
- C) Aliméntase por vía intravenosa.
- D) Necesita a axuda do médico.

28. Na hixiene dos ollos, se o paciente está inconsciente, a lubricación do ollo deberá facerse con:

- A) Pomada lubricante.
- B) Auga.
- C) Colirio.
- D) Soro.

29. En canto á clorhexidina como desinfectante. Cal das seguintes afirmacións é VERDADEIRA?

- A) Pódese mesturar con xabóns amónicos para unha disolución máis efectiva.
- B) Non se pode usar para a prevención e o tratamento odontolóxico.
- C) Non enmascara a evolución das feridas.
- D) É o desinfectante máis usado na desinfección de endoscopios.

30. As funcións xerais ou básicas do/da técnico/a en coidados auxiliares de enfermería son:

- A) Asistenciais e técnicas.
- B) Asistenciais e administrativas.
- C) Asistenciais, administrativas, docentes e investigadoras.
- D) Asistenciais, administrativas, técnicas e docentes.

31. Dentro das fases da úlcera por presión, na que se observa necrose ou morte celular pertence a:

- A) Úlcera grado I.
- B) Úlcera grado II.
- C) Úlcera grado III.
- D) Úlcera grado IV.

32. Para realizar a cura de mantemento do catéter central de inserción periférica nun adulto, o persoal TCAE terá preparado como antiséptico:

- A) Clorhexidina maior do 0,5% con alcohol isopropílico ao 70°.
- B) Povidona iodada alcohólica, salvo en catéteres de silicona.
- C) Sulfariacina de prata con Hidróxido potásico.
- D) A e B son correctas.

33. Entre os tipos de relacións que se establecen entre un axente causal ou etiolóxico e o hóspede, poden existir:

- A) A simbiose, o comensalismo, o parasitismo, o saprofitismo e o oportunismo.
- B) A simbiose, o parasitismo, o furitismo, o discitismo e o fagocitismo.
- C) O parasitismo, o oportunismo, o comensalismo, o saprofitismo e o discitismo
- D) A simbiose, o oportunismo, o saprofitismo, o furitismo e o fagocitismo.

34. A auscultación mediante fonendoscopio é unha variedade de exploración:

- A) Física.
- B) Instrumental.
- C) Rutineira.
- D) Palpatoria.

35. O enema de fluxo de volta ou lavativa de Harris, utilízase para:

- A) Irrigar a parte anterior do colon e o recto.
- B) Irrigar a parte posterior do colon e o recto.
- C) Irrigar a parte superior do colon e o recto.
- D) Irrigar a parte inferior do colon e o recto.

36. Cal NON é unha forma de aplicación do calor húmido?

- A) Fomentos quentes.
- B) Inmersión en auga quente.
- C) Bolsa de auga quente.
- D) Baños quentes.

37. Respecto a os graos de eficacia das medidas de prevención das infeccións nosocomiais, o illamento hospitalario está incluída na categoría de:

- A) Grao I, eficacia probada.
- B) Grao II, eficacia lóxica.
- C) Grao III, eficacia dubidosa.
- D) Grao IV, eficacia comprobada.

38. Nunha unidade de psiquiatría, os signos de violencia inminente a ter en conta son:

- A) Que o paciente estire grotescamente os brazos.
- B) Que o paciente teña excesiva sudación nas mans e elevada tensión muscular.
- C) Que o paciente manteña a súa mirada.
- D) Todas son certas.

39. A cama cerrada hospitalaria é aquela que:

- A) Está nunha planta de hospitalización pechada, á espera de ser arranxada.
- B) Está á espera da admisión dun novo paciente.
- C) Corresponde a un paciente ingresado e está á espera do seu regreso do quirófano.
- D) Tamén se define como cama de anestesia.

40. Os órganos con aire teñen un son:

- A) Timpánico.
- B) Mate.
- C) Forte.
- D) Débil.

41. Cómo se denomina a temperatura que se mantén por riba dos valores normais ao longo do día sufrindo moi poucas variacións?

- A) Febre recorrente.
- B) Febre en meseta ou continua.
- C) Febre mantida.
- D) Febre en agulla ou constante.

42. Dos seguintes tipos de shock, sinale o que NON é de tipo distributivo:

- A) Séptico.
- B) Anafiláctico.
- C) Hipovolémico.
- D) Neuroxénico.

43. Diluír unha concentración dunha disolución é:

- A) Diminuír a concentración da disolución ao aumentar a cantidade de disolvente.
- B) Diminuír a concentración da disolución ao aumentar a cantidade de soluto.
- C) Aumentar a concentración da disolución ao aumentar a cantidade de disolvente.
- D) Ningunha é correcta.

44. Dos seguintes parámetros. Cal é o que valora o test de Apgar?

- A) Temperatura.
- B) Perímetro torácico.
- C) Perímetro cranial.
- D) Tono muscular.

45. A fontanela maior ou anterior está situada en:

- A) A unión do occipital e os parietais.
- B) A confluencia do parietal e temporal.
- C) A confluencia do frontal e parietal.
- D) A unión do occipital e parietal.

46. As compresas frías utilízanse para:

- A) Aliviar a dor.
- B) Deter as hemorraxias locais.
- C) Deter os procesos inflamatorios.
- D) Todas son correctas.

47. O consumo crónico de cannabis da lugar ao denominado:

- A) Síndrome de demanda.
- B) Síndrome amotivacional.
- C) Síndrome de deshabitación.
- D) Síndrome de psicose.

48. Cantos días recoméndase tomar as mostras de esputos, se estas vanse a empregar para estudo microbiolóxico?

- A) As dun día, só de mañá.
- B) As dun día, tomando dúas, unha de mañá e outra de tarde.
- C) As de dous días alternos.
- D) As de tres días seguidos.

49. Unha mostra de feces :

- A) Nunca debe refrixerarse.
- B) Non debe refrixerarse se é para análise parasitolóxico.
- C) Non debe refrixerarse se é para realizar un coprocultivo.
- D) Debe refrixerarse sempre que haxa demora no envío ao laboratorio.

50. A proba para estudar a capacidade respiratoria é a:

- A) Broncoscopia.
- B) Radiografía.
- C) Espirometría.
- D) Gammagrafía.

51. En relación cos inconvenientes da solución de iodo ou os seus derivados haloxenados utilizados como desinfectantes, sinala a INCORRECTA:

- A) Se inactivan en presenza de materia orgánica (sangue, pus, exsudacións, etc.)
- B) Pode enmascarar o aspecto e a evolución das feridas.
- C) Se evaporan a temperatura ambiente.
- D) Deben protexerse da luz.

52. De entre os seguintes antídotos. Cal é o usado nas intoxicacións con benzodiazepinas?

- A) Protamina.
- B) Flumazenil.
- C) N-acetilcisteína.
- D) Naloxona.

53. Segundo o artigo 3 do Decreto 38/2015 do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia, a xestión intracentros dos residuos comprende:

- A) As operacións únicas de segregación e almacenamento de residuos feitas polos produtores e que se leven a cabo no interior dos centros produtores.
- B) As operacións de segregación, envasado, transporte e almacenamento de residuos feitas polos produtores e que leven a cabo por empresas especializadas de tipo A1A.
- C) As operacións de segregación, envasado, transporte e almacenamento de residuos feitas polos receptores e que leven a cabo por empresas especializadas de tipo A1A.
- D) As operacións de segregación, envasado, transporte e almacenamento de residuos feitas polos produtores e que se leven a cabo no interior dos centros produtores.

54. Unha vez obtida a mostra de sangue arterial. Cando se manda ao laboratorio?

- A) Pode permanecer unhas horas a temperatura ambiente.
- B) Inmediatamente despois da súa extracción.
- C) Pode permanecer na neveira 24 horas a 4 graos.
- D) Pode quedar conxelada ata 48 horas.

55. Será necesario realizarlle o illamento respiratorio a un enfermo contaxioso, no caso de que se trate de:

- A) Unha pneumonía estafilocócica.
- B) Febre de Lassa.
- C) Parotidite.
- D) Pneumonía estreptocócica.

56. A paciente da habitación 502 permanece longos períodos de tempo encamada. É un factor intrínseco para a formación de úlceras por presión:

- A) Fricción.
- B) Deficiencias nutricionais.
- C) Humidade.
- D) Presión.

57. O paciente J.H.Z. ingresado na pranta de psiquiatría ten dificultade para chamar polo seu nome os obxectos de uso cotiá, cómo se denomina este trastorno?:

- A) Afasia.
- B) Amnesia.
- C) Apraxia
- D) Agnosia.

58. A nosa compañeira Xoana, TCAE, está encargada de comprobar as etapas dun ciclo de esterilización no autoclave, observa que o autoclave está na etapa do quecemento da temperatura interior con inxeccións de vapor. Sinale a afirmación CORRECTA:

- A) O proceso de esterilización finalizou.
- B) O ciclo de esterilización debe continuar aínda ata o secado final.
- C) O ciclo de esterilización está no seu inicio
- D) O ciclo pasará a fase Bowie–Dick.

59. A extinción ou desaparición progresiva e irreversible da actividade biolóxica dos diferentes órganos e tecidos dunha paciente ingresada na unidade de cuidados paliativos, denomínase:

- A) Morte absoluta.
- B) Morte intermedia.
- C) Morte aparente.
- D) Morte relativa.

60. Ao paciente de traumatoloxía, Enrique A.F., debemos colocalo en posición de semi–Fowler. Sinale a expresión CORRECTA:

- A) Colocaremos a Enrique en posición decúbito supino coa cabeza colgando e os seus ombreiros apoiados na cama.
- B) Enrique permanecerá tombado en decúbito supino, nun plano oblicuo de 45° coa cabeza máis baixa que os pés.
- C) Enrique permanecerá tombado en decúbito supino coa cabeceira da cama elevada 30°.
- D) Enrique permanecerá tombado en decúbito supino coa cabeceira da cama elevada 45°.

61. Rosa, enfermeira da planta de uroloxía, dinos que temos que recoller unha mostra de ouriños ao paciente da habitación 406 para o seu exame microscópico:

- A) Pode conservarse a mostra refrixerada a 0 graos.
- B) Pode conservarse engadindo conservantes que eviten a proliferación de microorganismos.
- C) O idóneo é analizala durante as catro horas seguintes á súa recollida.
- D) Todas son correctas.

62. Se nas ordes de tratamento de Lucía atopamos a prescrición: concentración de osíxeno 25/3. Que significa?

- A) 25 minutos de osíxeno ao 3%.
- B) 3 litros de osíxeno por minuto ao 25%.
- C) 25 litros de osíxeno en 3 horas.
- D) 3 litros de osíxeno en 25 minutos.

63. Nunha contención mecánica por axitación dun paciente ingresado na unidade de agudos de psiquiatría. Sinale a INCORRECTA.

- A) Afastar do alcance do paciente calquera obxecto perigoso.
- B) A inmovilización do paciente debe realizarse coa colocación do equipo de suxeición comezando polos membros superiores, seguido dos membros inferiores e a cintura de última.
- C) A inmovilización do paciente debe realizarse coa colocación do equipo de suxeición comezando pola cintura, seguido dos membros inferiores e por último os membros superiores.
- D) Terase especial coidado en non forzar as articulacións máis aló dos límites fisiolóxicos.

64. Debemos mobilizar a Xurxo, paciente encamado pero que colabora, cara á cabeceira da cama. Sinale a CORRECTA:

- A) Pedirlle a Xurxo que flexione os xeonllos, se pode, apoiando as plantas dos pés sobre a cama; e que se agarre, se é posible, ao cabeceiro da cama.
- B) Pedirlle a Xurxo que se estire recto na cama, suxeitándose nos laterais, retirando a súa almofada da cabeceira.
- C) Colocarnos no cabeceiro da cama agarrando a Xurxo polas mans mentres o noso compañeiro empuxa os seus pés cara arriba.
- D) Todas son correctas.

65. José, paciente de 84 anos, acode a consulta de uroloxía e é diagnosticado de enureses. A que fai referencia dito termo?

- A) Imposibilidade de ouriñar.
- B) Dor ao ouriñar.
- C) Micción involuntaria durante o soño.
- D) Desexo de ouriñar.

66. Como indicadores do proceso de esterilización, pódense utilizar:

- A) Controis químicos internos.
- B) Controis de pinza oca.
- C) Controis de pinza aberta.
- D) Controis invertidos internos.

67. Se nos atopamos na rúa a un neno cunha parada cardiorrespiratoria. Que é o primeiro que debería facer vostede?

- A) Pedir axuda.
- B) Comezar a RCP básica.
- C) Colocalo en posición lateral de seguridade e pedir axuda.
- D) Realizarlle un minuto de RCP básica e logo pedir axuda.

68. María é unha paciente a que lle van facer unha punción lumbar. Que posición sería a máis axeitada para facer este procedemento?

- A) Prono.
- B) Xenupectoral.
- C) Semi-Fowler.
- D) Todas as respostas anteriores son incorrectas.

69. Xoán ingresa na planta de pneumoloxía, observamos que a súa respiración é profunda e rítmica con pausas entre expiración e inspiración e entre cada movemento respiratorio. Que tipo de respiración presenta?

- A) Respiración de Biot.
- B) Respiración Kúsmal ou acidótica.
- C) Respiración superficial.
- D) Respiración Cheyne-stokes.

70. Paciente de 70 anos con desnutrición e empobrecemento da linguaxe. Sería compatible con:

- A) Vellez.
- B) Demencia.
- C) Amnesia.
- D) Delirium.

71. Non todos envellecemos de igual forma, nin en morfoloxía nin na función. Que idade está definida polo envellecemento dos órganos?

- A) Idade cronolóxica.
- B) Idade senil.
- C) Idade biolóxica.
- D) Idade funcional.

72. Paciente politraumatizado de 27 anos, vítima dun accidente de moto, ingresado na UCI. O seu estado é crítico xa que presenta taquicardia, oliguria, hipotensión, queimaduras por abrasión, hemorraxia e dificultade para respirar por fracturas costais. Cando o paciente está estable realízanlle un TAC para descartar lesións cerebrais, medulares. Sospéitase que ten unha hemorraxia interna cunha perda de sangue de entre 1500 e 2000 ml. Segundo a clasificación das hemorraxias. A que clase pertence?

- A) Clase I.
- B) Clase II.
- C) Clase III.
- D) Clase IV.

73. Jaime é un paciente cunha alimentación enteral debido a unha intervención cirúrxica da orofarinxe, sinale a afirmación correcta:

- A) Esta alimentación non presenta ningunha complicación.
- B) A dieta adminístrase moi fría para que se absorban mellor os nutrientes.
- C) A dieta ten que ser líquida e estar a temperatura ambiente.
- D) A mellor posición para alimentalo é decúbito supino.

74. Laura traballa na unidade de coidados intensivos e recibe a un paciente politraumatizado, ao inspeccionar a cara e a cabeza do paciente atópase cun hematoma na apófise mastoidea. Como se chama este signo e que nos pode indicar?

- A) Signo de Babinski, que pode indicar lesión no oído medio.
- B) Signo de Bartz, que pode indicar fractura do atlas.
- C) Signo de Baeyer, pode indicar fractura da mandíbula.
- D) Signo de Battle, pode indicar a fractura da base do cranio.

75. A Pablo, un paciente que acode ao servizo de urxencias, adminístraselle unha gammaglobulina antitetánica. A inmunidade que achega é:

- A) Natural pasiva.
- B) Natural activa.
- C) Artificial activa.
- D) Artificial pasiva.

76. Na planta 10 acabamos de ter un éxito. Os coidados post-morten:

- A) Efectuaranse unha vez o médico asina o certificado de defunción.
- B) Non se debe manipular o cadáver en presenza dos familiares ou doutros pacientes.
- C) Hai que prestar os coidados antes de que apareza o rigor mortis.
- D) Todas as respostas son correctas.

77. Na mobilización dun paciente en estado de coma con sonda vesical, incontinencia fecal e leve deshidratación, para evitar úlceras por presión, debemos:

- A) Incorporar ao paciente.
- B) Levantar o seu corpo e separalo da superficie de apoio.
- C) Aplicar unha loción alcohólica.
- D) Arrastrar ao paciente sobre a cama.

78. A TCAE María, colabora coa enfermeira na medición das constantes vitais. Que cores utilizará para rexistralas na gráfica?

- A) Temperatura: verde, FC: azul, FR: negro, TA: vermello.
- B) Temperatura: azul, FC: negro, FR: vermello, TA: verde.
- C) Temperatura: vermello, FC: azul, FR: negro, TA: verde.
- D) Temperatura: vermello, FC: negro, FR: azul, TA: verde.

79. Un paciente ingresa por urxencias cunha hemorraxia dixestiva. Que tipo de dieta lle poñerán?

- A) Branda.
- B) Hiperproteica.
- C) Líquida.
- D) Absoluta.

80. Manuel é un paciente de 80 anos que vive só e con claros trazos de mala nutrición. Que tipo de dieta se lle poñerá?

- A) Dieta hipercalórica.
- B) Dieta hiperpotásica.
- C) Dieta hiperproteica.
- D) Dieta hipersódica.

81. Tomás é un paciente que acude a urxencias con xeroftalmia. De que vitamina carece?

- A) Vitamina B₆ ou piridoxina.
- B) Vitamina B₁₂ ou cianocobalamina.
- C) Vitamina E ou tocoferol.
- D) Vitamina A ou retinol.

82. Vostede atópase traballando e ordénanlle poñerlle ao paciente da habitación 413 aplicacións quentes. En que caso estarían contraindicadas?

- A) Aliviar espasmos musculares.
- B) Abrandar exsudados.
- C) Acelerar procesos de cicatrización.
- D) Diminuír hemorraxias.

83. Alonso chega ao servizo de Urxencias vomitando, qué clase de medicamento indicará o facultativo para evitar os vómitos?

- A) Antiarrítmico.
- B) Antiemético.
- C) Mucolítico.
- D) Antidiarreico.

84. Recibimos a indicación de enfermería que o paciente T.R.L. da cama 415-2 debe levantarse da cama por primeira vez desde a súa operación e axudarlle a sentarse nunha cadeira de brazos. Devandito paciente colabora, polo que NON deberemos:

- A) Situar a cadeira de brazos próxima á cama, á altura dos pés da cama.
- B) Unha vez axudado o paciente a sentarse na beira da cama, comprobaremos que non se marea nesa posición.
- C) Situarnos detrás do paciente, apoiando as mans nos seus ombreiros para que se poida incorporar facilmente.
- D) Situarnos fronte ao paciente, coas pernas flexionadas, suxeitando coas nosas mans a súa cintura.

85. Na conservación das mostras biolóxicas nun ámbito hospitalario:

- A) Non debe transcorrer máis dun día desde a obtención da mostra ata a súa análise no laboratorio.
- B) Non debe transcorrer máis dunha quenda desde a obtención da mostra ata a súa análise no laboratorio.
- C) O sangue, as feces e os esputos poden manterse no frigorífico entre 4° C e 6° C.
- D) O sangue, as feces e os esputos poden manterse no frigorífico entre 0° C e 1° C.

86. O 061 leva a un accidentado de moto. Tras unha primeira observación por parte do persoal médico, deciden realizar unha intervención cirúrxica, perdeu moito sangue e o seu grupo sanguíneo é AB positivo. Que tipo de sangue deben transfundir se non teñen AB positivo?

- A) Soamente pode transfundirse AB positivo.
- B) Pode transfundirse con AB negativo.
- C) Pode transfundirse con 0 positivo que é o doante universal.
- D) Pode transfundirse con 0 negativo que é o doante universal.

87. O paciente da cama 215-1 necesita ser trasladado da cama á padiola. Sinala cal das seguintes opcións é a **CORRECTA**:

- A) Se o paciente colabora, colocárase a padiola cuberta cunha saba, perpendicular á cama, de modo que coincidan os pés da cama coa cabeceira da padiola.
- B) Se o paciente NON colabora, colocárase a padiola cuberta cunha saba, perpendicular á cama, de modo que coincidan os pés da cama coa cabeceira da padiola.
- C) Se o paciente colabora, colocárase unha cadeira aos pés da cama para que sexa máis sinxelo o traslado.
- D) Se o paciente NON colabora, colocárase unha cadeira aos pés da cama para que lle sexa máis sinxelo ao persoal auxiliar.

88. Vostede como TCAE do servizo de obstetricia colabora nos coidados do recém nado, co cal debe saber que o baño do recém nado por inmersión deberá evitarse ata:

- A) 24 horas despois do parto.
- B) 48 horas despois do parto.
- C) Ata a absorción espontánea da vermís caseosa.
- D) Ata que se desprenda o cordón umbilical.

89. Manuel de 45 anos, entra por urxencias por mor dunha fractura de nocello, téñenlle que colocar unha vendaxe con xeso, ao cabo dun día o paciente presenta un edema de ventá. Cal das seguintes medidas sería a **incorrecta a seguir**?

- A) Aplicar unha vendaxe compresiva sobre a ventá.
- B) Elevar o membro afectado durante 20-30 minutos.
- C) Prolongar toda a vendaxe de xeso ata cubrir todo o dorso do pé ata a base dos dedos deixando estes libres.
- D) Aumentar o tamaño da ventá sen realizar a vendaxe.

90. Mónica, TCAE, forma parte dun equipo de traballo nunha planta de hospitalización cirúrxica, onde desenvolve as súas funcións de coidados auxiliares aos pacientes de forma directa ou delegada. O médico indícanos que ao paciente da 304 temos que poñerlle un enema de limpeza. Qué tipo de enema evacuante utilizaríamos?

- A) Enema de auga soamente.
- B) Enema salino, (1/2 cullerada de sal común en 1000 ml de auga).
- C) Enema xabonoso.
- D) Todos son correctos.

91. En relación coa indicación da povidona iodada en función da disolución, sinala a FALSA.

- A) A solución xabonosa ao 7,5% utilízase xeralmente para o lavado de mans cirúrxico.
- B) A solución acuosa ao 0,3% utilízase xeralmente para a desinfección vexinal.
- C) A pomada ou xel ao 10% utilízase xeralmente para a impregnación de apósitos sobre catéteres.
- D) A solución isotónica ao 0,1% utilízase xeralmente para a desinfección para a punción.

92. Sinala o enunciado CORRECTO das seguintes disolucións de clorhexidina.

- A) A solución alcohólica ao 0,5–2 % de clorhexidina está indicada para o lavado cirúrxico de mans.
- B) A solución acuosa ao 0,05% de clorhexidina está indicada para a lubricación de catéteres vesicais.
- C) A solución acuosa ao 4% de clorhexidina con deterxente non iónico está indicada para o lavado cirúrxico de mans.
- D) A solución acuosa ao 1% de clorhexidina está indicada para a lubricación de catéteres vesicais.

93. Atopámonos ante un paciente ingresado na unidade de uroloxía, ao que se lle formaron coágulos, Maribel, enfermeira nesta planta, pídenos que lle facilitemos unha sonda de irrigación vesical. Cal das seguintes levarémolle?

- A) Salen.
- B) Foley de tres vías.
- C) Foley de dúas vías.
- D) Ríxida abacelada.

94. Na unidade de cirurxía temos a José, un paciente que vai ser sometido a unha intervención cirúrxica debido a un tumor de colon. Respecto ao consentimento informado, que é falso?

- A) Protexe ao paciente contra intervencións non autorizadas.
- B) Protexe ao cirurxián de demandas ante unha operación que non se permitiu.
- C) Independentemente da idade do paciente o consentimento debe ser asinado polo paciente.
- D) En caso de incapacidade do paciente o documento asinarao o familiar reponsable ou titor.

95. Elena, paciente de 80 anos, ingresa na unidade de medicina interna cunha frecuencia respiratoria de 26 r.p.m. Diremos polo tanto que presenta:

- A) Taquipnea.
- B) Hiperpnea.
- C) Bradipnea.
- D) Dispnea.

96. Un neno de 12 anos ingresa con rixidez de caluga, vómitos, febre alta e cefalea intensa. Diagnostícanlle unha meninxite. Que tipo de proba realizaron para chegar ao diagnóstico?

- A) Unha toracocentese.
- B) Unha gammagrafía cerebral.
- C) Una biopsia de médula espinal.
- D) Unha punción lumbar.

97. Respecto ao programa GACELA, é correcto que:

- A) Estrutúrase en varios módulos.
- B) Está implantado en toda a rede asistencial galega.
- C) Está feito para enfermería, tanto para enfermeiras/os como técnicos/as en coidados auxiliares de enfermería.
- D) Todas son correctas.

98. Mario é un recém nado que ao minuto de nacer presenta un test de Apgar de 4 a 6 puntos. Que afirmación das seguintes é a correcta?

- A) Dificultade grave.
- B) Dificultade moderada.
- C) Non hai dificultade, (normal).
- D) Ningunha é correcta.

99. María traballa no servizo de traumatoloxía, ten que realizar o aseo en cama de Manuel, paciente ingresado na habitación 315. Cal será a forma correcta de posicionar ao paciente?

- A) Primeiro en decúbito supino e a continuación en decúbito lateral dereito e esquerdo.
- B) Decúbito prono e despois en decúbito lateral dereito e esquerdo.
- C) Dependería da patoloxía do paciente.
- D) Decúbito lateral dereito e esquerdo e logo en decúbito supino.

100. Clara atópase traballando na 2ª planta, indícanlle que aplique calor seca a un paciente cunha contractura muscular. Dos seguintes xeitos, cal estaría contraindicado?

- A) Calentadores eléctricos.
- B) Manta de hipotermia.
- C) Bolsa de auga quente.
- D) Manta eléctrica.

101. Ao acceder á zona de raios, atopámonos un panel pegado á porta cun círculo e follas de trevo ó seu ao redor de cor amarela.

- A) O panel está a indicar que accedemos a unha zona de acceso prohibido.
- B) O panel está a indicar que só pode acceder o persoal con ese distintivo amarelo.
- C) O panel está a indicar que accedemos a unha zona de permanencia limitada.
- D) O panel está a indicar que accedemos a unha zona controlada.

102. Andrés, TCAE dunha unidade hospitalaria, despois de facer as súas tarefas habituais, ten que realizar un lavado de mans rutineiro ou hixiénico. Canto tempo prolongará este tipo de lavado?

- A) 15 – 30 segundos.
- B) 30 – 60 segundos.
- C) 2 – 6 minutos.
- D) Ningunha é correcta.

103. Nas unidades de psiquiatría, o persoal TCAE terá como funcións. Sinale a INCORRECTA.

- A) Axudar nas necesidades do paciente para levantarse e estimulalo para que realice o seu aseo e arranxo persoal.
- B) Realizar funcións de apoio na vixilancia da toma correcta da medicación, por se algún paciente perde ou esconde as pastillas.
- C) Preparar directamente a medicación dos pacientes nos vasos unidoses segundo a orde facultativa.
- D) Acompañar na sala de entretemento aos pacientes para axudarlles nas posibles actividades a desenvolver.

104. Jorge, paciente de 24 anos de idade, inmunodeprimido, o médico prescíbelle un illamento protector ou inverso. Marque a opción falsa acerca deste tipo de illamento.

- A) A habitación será individual e con presión positiva.
- B) O material de limpeza será exclusivo para esa habitación.
- C) Na dieta prescrita estarán prohibidos os alimentos crus, (froitas, verduras).
- D) A habitación será individual e con presión negativa.

105. María vai proceder a realizar o aseo de Manuel, paciente encamado. Cal tería que ser a temperatura ambiente adecuada para realizar a hixiene do paciente?

- A) 22 – 24 graos.
- B) 25 – 30 graos.
- C) 30 – 35 graos.
- D) Ningunha é correcta.

106. O equipo de enfermería recibe a orde de colocar unha vía intravenosa ao paciente da habitación 101-1 para a perfusión dunha solución electrolítica. Que material NON será estritamente necesario para axudar á enfermeira en dita colocación?

- A) Solución para perfundir coa identificación completa.
- B) Pé de goteo para colgar o recipiente que contén a solución.
- C) Venda de presión kinesiotaping.
- D) Gasas e sistema de punción.

107. Como técnicos/as en coidados auxiliares de enfermería, sabemos que o esfigmomanómetro serve para:

- A) Medir a respiración.
- B) Medir a tensión arterial.
- C) Medir a frecuencia cardíaca.
- D) Medir a tensión venosa.

108. Qué método utilizará para a esterilización de instrumental óptico?

- A) Calor seco.
- B) Ácido peracético líquido.
- C) Óxido de etileno.
- D) Óxido de anhídrido.

109. Temos un paciente na planta con refluxo gastro-esofáxico importante. En que posición o colocamos para que mellore a sintomatoloxía?

- A) Trendelenburg.
- B) Decúbito supino.
- C) Decúbito prono.
- D) Fowler.

110. O médico do servizo de medicina interna, ordena á enfermeira a extracción de hemocultivos a Juan, paciente da habitación 206. Cando debe a enfermeira realizar dita extracción?

- A) Sempre á primeira hora da mañá.
- B) En calquera momento ao longo do día, cando o paciente non presente febre.
- C) Cando o paciente presente un pico febril.
- D) Sempre de noite.